



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE XULLO DE 2024

PRESIDENTA:

A alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D. David López Saborido
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día nove de xullo do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE XULLO DE 2024

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de xullo de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 2 de xullo de 2024.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería do Medio Rural, Orde de 27 de xuño de 2024, pola que se modifica a Orde de 11 de decembro de 2023, pola que se regula o Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024 de mellora de camiños municipais de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria finalizadas, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR101L). DOG núm 128, do 03-07-2024.



- Consellería de Política Social e Igualdade, Orde de 21 de xuño de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a fin de realizar actuacións de rehabilitación e/ou equipamento de edificacións para vivendas dos concellos de Galicia destinadas á atención a persoas sen fogar para o período 2024-2025, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se efectúa a súa convocatoria para o período 2024-2025 (código de procedemento BS623E). DOG núm 128, do 03-07-2024.
- Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 4 de xullo de 2024, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm.162, do 05-07-2024.
- Deputación provincial da Coruña, extracto da Resolución número 27442, de 28 de xuño de 2024, da Presidencia, pola que se convoca o programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024. BOP núm. 129, do 05-07-2024.
- Ministerio de Facenda, Resolución de 3 de xullo de 2024, da Secretaría General de Financiación Autónoma e Local, pola que se establecen instrucións relativas ao calendario de aplicación dos procedementos para financiar a cancelación de obrigas pendentes de pagamento a provedores de determinadas entidades locais previstos no Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos de 24 de xuño de 2024, así como diversos aspectos relacionados co contido dos planes de axuste e a súa posible revisión no ámbito dos citados procedementos. BOE núm. 164, do 08-07-2024.
- Consellería de Política Social e Igualdade, Orde de 27 de xuño de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temprana nos anos 2024 e 2026, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021-2027, e se convocan (código de procedemento BS700A). DOG núm 132, do 09-07-2024.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 28 de xuño ao día 4 de xullo de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 796/2024 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente núm. 821/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
796/2024	28-06-2024	Conceder, con efectos de data 25 de abril de 2024, o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 173, letra D, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de JFLV, falecido o día 24 de abril de 2024. Solicitante: CCL
797/2024	28-06-2024	Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + ADICIONAL 2/2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial

		asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024, cunha achega provincial asignada ao concello no POS + Adicional 2/2024 1.169.029,59€, achega provincial aplicada na 1ª fase do POS + Adicional 2/2024 466.471,46 € e achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2024 702.558,13€
798/2024	28-06-2024	Aprobar a nómina mensual do mes de xuño do 2024 por un importe total retribucións brutas 386.867,71 euros
799/2024	28-06-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de xullo de 2024
800/2024	28-06-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes maio de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos e o seu pagamento por importe de 67.771,97 €. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de maio de 2024 por importe de 19.832,16 euros
801/2024	01-07-2024	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos no concurso-oposición para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de administración xeral interinos
802/2024	01-07-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RAM
803/2024	02-07-2024	Arquivar o expediente ao terse constatado que os interesados executaron a demolición parcial do cerramento realizado na finca sita en Meixigo San Lourenzo ordenada por resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do día 13 de xaneiro de 2022
804/2024	02-07-2024	Iniciar expediente de orde de execución a HTV, SFP, LFP e ALFP para a roza da finca sita no lugar Cecebre, que invaden a vía pública e afectan a infraestruturas eléctricas e de telecomunicacións, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
805/2024	02-07-2024	Iniciar expediente de orde de execución a JMVB e CERR para a poda das árbores existentes na finca sita en Cambre, que invaden a vía pública e afectan a infraestruturas eléctricas e de telecomunicacións, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
806/2024	02-07-2024	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa, de acordo co establecido nos artigos 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Iniciar expediente de orde de execución a DO para que limpe a maleza existente na finca sita en Pravio, Cambre, e á retirada do invernadoiro que se atopa no interior en estado de abandono, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e

		ornato legalmente esixibles
807/2024	02-07-2024	Considerar desistida BRL da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da divenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para recibo de luz solicitada con data 17/01/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
808/2024	02-07-2024	Considerar desistido LEL da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da divenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para recibo de alugueiro solicitada con data 19/12/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
809/2024	02-07-2024	Suspender inmediatamente os vertidos de augas residuais provenientes da parcela sita en Brexo, de acordo co disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia. Iniciar expediente de orde de execución a JLC e JSG para a corrección do vertido denunciado, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles
810/2024	02-07-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JLC e JSG co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas na parcela sita en Brexo, consistentes nunha construción auxiliar, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
811/2024	02-07-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística aos herdeiros de MHF co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas en Sigrás consistentes na construción dun cerramento sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
812/2024	02-07-2024	Nomear a MBN auxiliar administrativa interina encadrada na escala de administración xeral, subescala auxiliar, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C2 e adscrita a Secretaría, de conformidade co art. 23.2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
813/2024	03-07-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JLSR
814/2024	02-07-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
815/2024	02-07-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no informe de intervención LMR tendo en conta o informe emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local con data 28 de xuño de 2024). Aprobar as facturas por importe de 975,00 euros
816/2024	03-07-2024	Iniciar expediente de orde de execución a UFD DE, S.A. para rectificar as seguintes deficiencias existentes na infraestrutura eléctrica sita en Brexo: A existencia dunha infraestrutura eléctrica afectada por vexetación. Parte desta infraestrutura eléctrica (poste, luminaria, cables, etc...) atópanse cubertas por vexetación, que xeran unha situación de inseguridade e dificultan e/ou impiden a realización de tarefas de conservación e mantemento

817/2024	03-07-2024	Declarar o cese por xubilación anticipada do funcionario de carreira ECG con efectos do 1 de xullo do 2024, de conformidade cos artigos 67.4 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, 68.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 205, Disposición transitoria sétima do Texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro e Real decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos policía locais ao servizo das entidades que integran a administración local
818/2024	03-07-2024	Dar de alta na aplicación PMH-Accede á funcionaria interina DGV e perfil de acceso consulta, certificados e volantes de padrón. Modificar os permisos de acceso na aplicación PMH-Accede da funcionaria interina MBM atribuíndolle o perfil de xestión diaria
819/2024	03-07-2024	Acceder parcialmente ao solicitado por RBI e remitirle copia dos informes da Intervención municipal así como darlle vista do expediente núm. 08/05-SERV.CONT. relativo ao Servizo de limpeza en edificios, instalacións e centros escolares
820/2024	04-07-2024	Desistir da solicitude de axuda para a actuación "Conservación do río Mero" (núm. expediente L21 1920 23 0228), cos efectos que establece o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
821/2024	04-07-2024	Desistir da solicitude de axuda para a actuación "Creación de hortos urbanos" (núm. expediente L21 1920 23 0230), cos efectos que establece o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

4.1. Proposta relativa á contratación das subministracións necesarias para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego PLAN AFD. Expediente TEDeC número 2023/C005/000015.

4.2. Proposta relativa á ampliación do prazo de execución da obra "Mejora funcional y accesibilidad del Parque Ramón Barba. Fases 1 y 2" (expediente 2022/C003/000011) en dous meses e dez días, tal e como solicita o contratista mediante escrito rexistrado de entrada o día 1306.2024 ao número 202499900003889.

A Sra. Presidenta intervén e manifesta que a urxencia dos asuntos vén motivada respecto da proposta relativa á contratación das subministracións necesarias para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego porque os cursos se quedan sen material; respecto da proposta relativa á ampliación do prazo de execución da obra "Mejora funcional y accesibilidad del Parque Ramón Barba. Fases 1 y 2" (expediente 2022/C003/000011) porque necesitan os días para rematar a obra.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados e é aprobada por unanimidade.

4.1. PROPOSTA RELATIVA Á CONTRATACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS NECESARIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS DO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO PLAN AFD. EXPEDIENTE TEDEC NÚMERO 2023/C005/000015.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 8 de xullo de 2024 (CVD: bFqinhlwNZ7kCmRQDTFU), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente tramitado na plataforma TEDeC co número 2023/C005/000015 relativo á contratación das subministracións necesarias para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego (PLAN AFD 2023 - 2024), cun orzamento base de licitación de 109.454,78 euros (90.458,50 euros, importe sen IVE), dividido en 5 lotes:

- *Lote 1: Suministro de metais para soldadura (33.397,96 € sen IVE, 41.064,93 € IVE incluído)*
- *Lote 2: Suministro de consumibles para soldadura (20.641,00 € sen IVE, 24.975,6 1€ IVE incluído)*
- *Lote 3: Suministro utilaxe para soldadura (6.037,80 € sen IVE, 7.305,74 € IVE incluído)*
- *Lote 4: Suministro de gases para soldadura (12.200,60 € sen IVE, 14.762,73 € IVE incluído)*
- *Lote 5: Suministro de materiais y equipos para fontanería y calefacción y montaje y mantenimiento de instalaciones solares térmicas (14.762,73 € sen IVE, 21.345,78 € IVE incluído)*

Visto que, en cada un dos lotes, presentaron oferta os seguintes licitadores:

- **Lote 1.** Total licitadores: 1.
 - HIERROS SANTOS S.L.
 - TORRES Y SAEZ, S.L.U.
- **Lote 2.** Total licitadores: 3.
 - COMERCIAL DIRESA S.L.
 - GSI DOTACION INDUSTRIAL, SL
 - SUMINISTROS Y MOTORES S.L.
- **Lote 3.** Total licitadores: 1.
 - GSI DOTACION INDUSTRIAL,SL.
- **Lote 4.** Total licitadores: 3.
 - COMERCIAL DIRESA S.L.
 - NIPPON GASES DE ESPAÑA S.L.U.
 - CARBUROS METÁLICOS S.A.
- **Lote 5.** Total licitadores: 0.

Vista a acta da sesión da mesa de contratación do día 12.03.2024 (CVD: CBaP58bz7S+BX8Lf7i0x) na que, entre outras, se formulou proposta para declarar deserto o lote 5 por falta de licitadores.

Vista a acta da sesión da mesa de contratación do día 08.04.2024 (CVD: QI3lcRE33tBjKM/tiQ7t) na que, entre outras cousas, se formulou proposta de adxudicación do lote 3 a favor do licitador “GSI Dotación Industrial, S.L.” no prezo ofertado de 5.720,02 euros sen IVA (6.921,22 euros IVA incluído) e se lle requiriu para que no prazo de 7 días hábiles presentara a documentación á que se refire cláusula 16 do PCAP.

Vista a acta da mesa de contratación do día 02.05.2024 (CVD: 58sf+sEAb+gB+L6K2wKW).

Vista a acta da mesa de contratación do día 15.05.2024 (CVD: 28/oXGnCdUbyrYgYEFw) na que, entre outras cousas, se formulou proposta de adxudicación do lote 2 a favor do licitador "GSI Dotación Industrial, S.L." no prezo ofertado de 19.732,82 euros sen IVA (23.876,71 euros IVA incluído) e se lle requiriu para que no prazo de 7 días hábiles presentara a documentación á que se refire cláusula 16 do PCAP.

Visto a acta da mesa de contratación do día 07.06.2024 (CVD: KIMZCQjYelvdYlvN3LYL) na que, entre outras cousas, se formulou proposta de adxudicación do lote 4 a favor do licitador "Nippon Gases España, S.L.U.", no prezo ofertado de 8.152,50 euros sen IVA (9.864,53 euros IVA incluído), atopándose neste momento aberto o prazo de 7 días hábiles para que presente a documentación á que se refire cláusula 16 do PCAP.

Vista a documentación aportada polos licitadores propostos como adxudicatarios nos lotes 2 e 3.

Vistos os informes emitidos polo técnico en promoción económica os días 04.06.2024 (CVD: SO0g9G6Wbm9vrqCl3px0) e 07.05.2024 (CVD:/y/7RmYdqPbBNs+No18f) verbo de que os licitadores propostos como adxudicatarios nos lotes 2 e 3, respectivamente, acreditan a súa solvencia económica e financeira e técnica.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, o día 07.06. 2024 (CVD: lI0b60c0f5pZ/w6UE54p), no que, entre outras cousas, di:

"(...)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable.

"(...)

Segunda.- Con carácter previo á aprobación deste expediente, a técnica que subscribe, coa conformidade da secretaria xeral, emitiu informe desfavorable o día 08.02.2024 (CVD: x7TKgSuTGdQlcEi9cg3Z) en base aos argumentos expostos nas súa consideración xurídica sexta, nos que me reitero:

"(...)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

(...)

Sexta.- Prego de cláusulas administrativas particulares

O artigo 67 do RXLCAP establece o contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

- Consta no expediente prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: zptNPGqOWsefDAhIFMTv), verbo do cal fai a seguinte consideración:

*O PCAP prevé un único **criterio de adxudicación** (o factor prezo). Non consta suficientemente xustificado no expediente a utilización dun único criterio de adxudicación.*

O artigo 131.1 e 2 da LCSP establece que "Los contratos que celebren las Administraciones Públicas se adjudicarán con arreglo a las normas de la presente sección. La adjudicación se realizará, ordinariamente utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación basados en el principio de mejor relación calidad-precio, y utilizando el procedimiento abierto o el procedimiento restringido, salvo los contratos de concesión de servicios especiales del Anexo IV, que se adjudicarán mediante este último procedimiento".

O artigo 145 do dito texto legal di:

“1. La adjudicación de los contratos se realizará utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación en base a la mejor relación calidad-precio.

Previa justificación en el expediente, los contratos se podrán adjudicar con arreglo a criterios basados en un planteamiento que atienda a la mejor relación coste-eficacia, sobre la base del precio o coste, como el cálculo del coste del ciclo de vida con arreglo al artículo 148.

2. La mejor relación calidad-precio se evaluará con arreglo a criterios económicos y cualitativos.

Los criterios cualitativos que establezca el órgano de contratación para evaluar la mejor relación calidad-precio podrán incluir aspectos medioambientales o sociales, vinculados al objeto del contrato en la forma establecida en el apartado 6 de este artículo, que podrán ser, entre otros, los siguientes:

(...)

3. La aplicación de más de un criterio de adjudicación procederá, en todo caso, en la adjudicación de los siguientes contratos:

(...)

f) Contratos de suministros, salvo que los productos a adquirir estén perfectamente definidos y no sea posible variar los plazos de entrega ni introducir modificaciones de ninguna clase en el contrato, siendo por consiguiente el precio el único factor determinante de la adjudicación.

(...).”

O artigo 116.4 da LCSP establece que “En el expediente se justificará adecuadamente: (...) c) Los criterios de solvencia técnica o profesional, y económica y financiera, y los criterios que se tendrán en consideración para adjudicar el contrato, así como las condiciones especiales de ejecución del mismo. (...)”.

Da normativa citada pódense extraer dúas conclusión: a primeira, que no contrato de subministración a regra xeral é a aplicación de máis de un criterio de adxudicación, e a segunda, que os criterios que se terán en conta para a adxudicación dos contratos deben quedar xustificadas adecuadamente no expediente de contratación.

Na memoria que cosnta no expediente do día 04.12.2023 (CVD: Lo0cmNiWEt1o4CReb8nx) dise:

“(...) Como excepción, y a contrario mensú de lo que señala el art. 145.3, la utilización de un único criterio sólo será admisible cuando el órgano de contratación considere que la definición de la prestación no es susceptible de ser mejorada y en los contratos de suministros y servicios cuyas prestaciones estén perfectamente definidas técnicamente y no sea posible variar plazos ni introducir modificaciones de ninguna clase en el contrato.

El presente contrato, en que el único criterio de adjudicación propuesto es el precio, no se encuentra en los supuestos contemplados en las letras a), b), c), d), e) h) del artículo 145.3 de la LCSP, estando tanto los presupuestos como las prestaciones a ejecutar perfectamente definidos en el Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares, no es posible variar los plazos de suministro, al tener que realizarse estos en las fechas consignadas en las prescripciones técnicas para permitir la ejecución de la actividad formativas adecuadamente en unas fechas concretas, no siendo tampoco aconsejable introducir modificaciones de ninguna clase en el contrato, siendo por consiguiente el precio el único factor determinante de la adjudicación.

En el establecimiento del criterio de adjudicación se han seguido los criterios y requisitos establecidos en el artículo 145 de la LCSP, optándose por un criterio de adjudicación que permita obtener suministros de gran

calidad que respondan lo mejor posible a las necesidades municipales. El criterio elegido está vinculado al objeto de las contrataciones, ha sido formulado de manera objetiva, con pleno respeto a los principios de igualdad, no discriminación, transparencia y proporcionalidad, y no confieren al órgano de contratación una libertad de decisión ilimitada. Garantiza por otra parte la posibilidad de que las ofertas sean evaluadas en condiciones de competencia efectiva.”

Non obstante, tendo en conta que o PCAP prevé un prazo de entrega de 7 días naturais (10 días para o material serigrafiado), entende a técnica que subscribe que non se xustifica debidamente no expediente que non poidan variarse os prazos de entrega nin que esta variación (redución), no seu caso, non afecte á mellora na prestación da subministración.

Sétima.- Expediente de contratación.

(...)

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmase desfavorablemente o prego e o expediente de contratación polos motivos sinalados na consideración xurídica sexta.

(...)”.

Terceira.- Se ben o criterio desfavorable da que subscribe quedou exposto na consideración xurídica anterior, de ser outro o criterio do órgano de contratación, infórmase que, examinada a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario nos lotes 2 e 3, “GSI DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L.”, así como os datos obrantes no certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público e no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que constan no expediente, despréndese que o licitador acredita a súa personalidade, capacidade e solvencia económica, así como estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello de Cambre (tanto na data final de presentación de ofertas como na data actual). Tamén constan no expediente os xustificantes de ter depositado a fianza definitiva na tesourería municipal por importe de 286 euros no lote 3 e por importe de 986,64 euros no lote 2.

Igualmente, deberase incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto na consideración xurídica segunda, **infórmase desfavorablemente** a adxudicación dos lotes 2 e 3 do contrato de “Subministración necesaria para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego (PLAN AFD 2023 - 2024)” (expediente TEDeC 2023/C005/000015).

(...)”.

Visto o INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR SUBMINISTROS PLAN AFD 2023 – 2024. FASE D/2024, LOTES 2 e 3 asinado pola interventora municipal o día 17.06.2024 (CVD: qGH1XVzsMf3xQariToMz) no que, entre outras cousas, di:

“(…)”

D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[X] Fiscalizado **desfavorablemente (reparo non suspensivo):**

- **X*.A:** tal e como fixen constar no meu informe referencia LMR 29/2024 de 11 de febreiro (CVD: Ud5HBK22872YMesRc8WM), incúmrese o artigo 116.2 da LCSP dado que o expediente tedec número 2023/C005/000015 NON se refire á totalidade do obxecto do contrato por canto constátase a existencia do expediente tedec número 2023/C005/000008 que tamén ten por obxecto o subministro de material, nesta ocasión de EPI’S, para os CURSOS DO PLAN AFD 2023-2024 e para o TALLER

DE EMPREGO "PROXEDIS SOCIO SANITARIO-EDUCATIVO" 2023-2024 e do expediente tedec número 2023/C005/000011 que ten por obxecto a contratación dos subministrados de papelería e oficina necesarios para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2023-2024 e do Obradoiro de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-educativo". Asemade, consta un expediente tedec número 2023/A008/000028 có obxecto *Subvencións accións formativas para persoas traballadoras desempregadas 2023-2024 (TR301K) (PLAN AFD 2023-24)* e un expediente tedec có obxecto 2023/A008/000028 có obxecto *Subvención obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia ano 2023 Proxecto solicitado: "PROXEDIS SOCIO Sanitario-educativo polo que cada un deles constitue unha unidade funcional que debeu ser obxecto de licitación englobando todos aqueles gastos precisos para a súa execución. Ao afectar á fase de disposición de gastos o reparo debería ser suspensivo (art. 216.2.c TRLFL) pero, dado que por error no meu informe de fiscalización da fase A non advertín que o reparo suspendería a tramitación a partir da fase de adxudicación, considero que non é coherente pola miña parte atribuírle agora carácter suspensivo.*

- **X*.B:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable.

Advirto por escrito que de conformidade coa cláusula 21 PCA:

"(...)

El contratista deberá tener suscritos los seguros obligatorios, así como un seguro que cubra las responsabilidades que se deriven de la ejecución del contrato.

A tal fin, el licitador presentará, antes de comenzar la ejecución del contrato y una vez firmada la aceptación del acuerdo de adjudicación que le sea notificado, una copia de un Seguro de Responsabilidad Civil, con aseguradora legalmente autorizada, con el objeto de cubrir las obligaciones derivadas del objeto del contrato. Dicho seguro de Responsabilidad Civil deberá tener un límite de indemnización no inferior a 150.000 euros por siniestro y año para cubrir los daños materiales y/o personales y perjuicios consecuenciales ocasionados a terceros."

(...)

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **ACORDO:**

Primeiro: Declarar válida a licitación admitindo nela a COMERCIAL DIRESA S.L. e a GSI DOTACION INDUSTRIAL, SL (lote 2) e a GSI DOTACION INDUSTRIAL,SL., COMERCIAL DIRESA S.L., NIPPON GASES DE ESPAÑA S.L.U. e a CARBUROS METÁLICOS S.A. (lote3).

Segundo: Non admitir ao licitador "Torres y Saez, S.L.U." na licitación do Lote 1 por incumprir o disposto na cláusula 13.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, segundo a cal os licitadores deberán presentar a súa proposición única e exclusivamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do sector público (<https://contrataciondelestado.es>), conforme aos requisitos técnicos establecidos na citada plataforma e, en consecuencia, non poderán presentar a súa oferta en formato papel. Isto, de conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación o día 12.03.2024,

Terceiro: Non admitir á entidade "Subministracións e Motores, S.L." na licitación do Lote 2 por incumprir o disposto na cláusula 13.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, segundo a cal os licitadores deberán presentar a súa proposición única e exclusivamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do sector público (<https://contrataciondelestado.es>), conforme aos requisitos técnicos establecidos na citada plataforma e, en consecuencia, non poderán presentar a súa oferta en formato papel, así como a cláusula 13.2 PCAP segundo a cal a presentación de máis dunha proposición dará lugar á non admisión de todas as proposicións subscritas polo licitador. Isto, de conformidade co acordo da mesa de contratación do día 12.03.2024.

Cuarto: Declarar **deserto o Lote 1** “Suministro de metales para soldadura” por quedar excluído da licitación o único licitador presentado, “Hierros Santos, S.L.”, ao incumprir o disposto no artigo 159.4 a) da LCSP por non acreditar a súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público nin no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia na data final de presentación de ofertas; nin acompañar, en todo caso, á acreditación de presentación da solicitude de inscrición no Rexistro da Comunidade Autónoma a declaración responsable á que fai referencia o dito artigo, iso tendo en conta, ademais, que a solicitude se presentou o 31 de xullo de 2019 e o prazo de resolución que establece a Xunta para a devandita inscrición é de tres meses, sendo o sentido do silencio negativo. Isto, de conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación o día 02.05.2024.

Quinto: Aprobar a valoración das ofertas presentadas no lote 2 da que resulta a seguinte orde de clasificación:

ORDEN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	Comercial Diresa, S.L.	100
2º	GSI Dotación Industrial, S.L.	79,17

Isto, de conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación o día 02.05.2024.

Sexto: Adjudicar o **Lote 2 Subministración de consumibles para soldadura** ao licitador **GSI DOTACION INDUSTRIAL, S.L.** no prezo ofertado de 19.732,82 € sen IVE, 23.876,71 € (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, o factor prezo. Isto, de conformidade coa proposta de adjudicación formulada pola mesa de contratación na súa sesión do día 15.05.2024.

Sétimo: Adjudicar o **Lote 3 Subministración utillaje para soldadura** ao licitador **GSI DOTACION INDUSTRIAL S.L.**, no prezo ofertado de 5.720,02 € sen IVE, 6.921,22 € (IVE incluído), por ser o único licitador presentado e cumprir a súa oferta co disposto no PCAP. Isto, de conformidade coa proposta de adjudicación formulada pola mesa de contratación na súa sesión do día 08.04.2024.

Oitavo: Declarar **deserto o Lote 5 Subministración de materiais e equipos para fontanería e calefacción e montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas** por falta de licitadores, de conformidade coa proposta formulada pola mesa de contratación na súa sesión do 12.03.2024.

Noveno: Designar responsable de dos lotes 2 e 3 deste contrato ao técnico en promoción económica interino, José Luis González Cardalda, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. Isto, de conformidade coa cláusula 17 do PCAP.

Décimo: A formalización dos contratos deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP. Isto, de conformidade co establecido na cláusula 16.3 do PCAP.

Décimo primeiro: Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar este acordo de adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>) e dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que a teor do establecido



nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso - administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 8 de xullo de 2024 (CVD: bFqinhlwNZ7kCmRQDTFU), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Pan Lesta, González Leirós, Mallo Castro, Boga Moscoso, López Saborido, e Díaz Baldomir.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as: Varela Fraguio e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 8 de xullo de 2024 (CVD: bFqinhlwNZ7kCmRQDTFU), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.2. PROPOSTA RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MEJORA FUNCIONAL Y ACCESIBILIDAD DEL PARQUE RAMÓN BARBA. FASES 1 Y 2” (EXPEDIENTE 2022/C003/000011) EN DOUS MESES E DEZ DÍAS, TAL E COMO SOLICITA O CONTRATISTA MEDIANTE ESCRITO REXISTRADO DE ENTRADA O DÍA 1306.2024 AO NÚMERO 202499900003889.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 8 de xullo de 2024 (CVD: RLFFRY7CAXDYIa2z3lms), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente que consta na plataforma TEDeC ao número 2022/C003/000011 relativo ao contrato de execución da obra “Mejora funcional y accesibilidad del Parque Ramón Barba. Fases 1 y 2”.

Visto que consta no expediente o informe do responsable do contrato, o enxeñeiro técnico de obras públicas interino, do día 14.06.2024 (CVD: mj0/Af8RA5ZFjCNDbvCr) no que di:

“INFORME

